# Lectura

# X x

xi xe xo xa xu



pixama



xerra



laranxa

Un día o xabaril Xurxo foi
ver a xirafa Xulia e díxolle:

—Xulia, quero cultivar xeranios
e xirasois no meu xardín e
necesito a túa axuda.

—Abofé que si! Xa te axudo
eu a cultivar o xardín.



As letras ñ, x e ch

# Ñ ñ

ñi ño ña ñe ñu



bañeira



niño



araña

Toño é leñador e tamén pastor. Vive na montaña coidando un rabaño de años.

Toño ten moita maña e deseñou un boneco con leña de piñeiro.

Un día soñou que o boneco, que denominou Rodolfiño pequeniño, era de verdade.



# Ch ch

chi cha che chu cho



coche



mochila



alcachofa

O concello de **Ch**antada convocou un desfile e pe**ch**ou as rúas para que os co**ch**es non pasasen por alí.

Os pallasos **ch**arlatáns mar**ch**aban diante dunhas persoas que ían de **ch**impancés.



Nós iamos do conto de Carapu**ch**iña vermella, e os de segundo de **ch**ineses.

# Os novos veciños

Onte chegaron os novos veciños á vila. Todo o mundo sabía que chegarían e esperabámolos con moita impaciencia. Un camión de mudanzas descargou todas as súas cousas na casa amarela e azul que hai diante da nosa casa.

Esta mañá no parque coñecín a Henri, o fillo dos veciños. É da miña idade e irá á escola comigo. Estou moi contento porque estivemos falando e caeume moi ben.

É louro e alto, e a verdade é que aínda fala moi mal o galego. Pero xa lle ensinaremos a falalo pouco a pouco.

**22. Como te presentarías a unha persoa nova que chega á túa escola?**

O dígrafo nh e as letras k e w

# nh

Este dígrafo aparece nas palabras *unha, algunha* e *ningunha*, e nos seus derivados, así coma noutras palabras.



menhir



inhalar



unha mazá

Amaia está de vacacións en Cope**nh**ague, onde vive a súa curmá Lola. Algu**nh**as tardes Amaia e Lola pasean en bici. Hoxe van ir visitar a escultura du**nh**a serea moi famosa. Amaia a**nh**ela ver a sereíña da que tanto oíu falar. Ningu**nh**a cousa lle facía máis ilusión!



# K k

ko ke ki ku ka

O k non está no abecedario galego, pero emprégase para escribir algunhas palabras que proveñen doutros idiomas.



karateka



koala



karaoke

Kora e Miki son irmáns. A Kora gústalle facer **karate** ao saír da escola. A Miki chístalle máis facer **kaiak** no lago do parque. Aos dous gústalles ir ao zoo para ver os **koalas**.



Os **koalas** pasan o día enriba das pólas comendo follas de eucalipto.

# W w

wo we wi wu wa

O w tampouco está no abecedario galego, pero coma o k, emprégase para escribir algunhas palabras doutros idiomas.



kiwi



hawaiano



wáter-polo

A abella Willi fai wáter-polo os luns, taekwondo os mércores e windsurf os sábados. E, cando acaba de facer deporte, come un sándwich e un kiwi. Viu nunha páxina web que o kiwi ten moita vitamina C.





# O mago

Aquela tarde, estabamos a merendar un plátano cando o noso irmán, Cibrán, fixo desaparecer os pratos e tamén os panos da mesa.

Despois, o irmán mediano, Brais, chegou cunha gabardina prateada e díxonos:

-Branca, papá, mamá, son o detective privado Brais Holmes e veño descubrir que pasou durante a merenda.



Entón, todos nós, coma se estivésemos nun libro de detectives, axudamos a Brais a atopar a solución do problema.

Finalmente, papá dixo que o misterio era que tiñamos un mago brillante na familia.

**10. Responde as preguntas:**

Que estaban a merendar? ______________________

De que cor era a gabardina? ______________________

Como era o mago? ______________________

# Cobrelúas



O vello Celestino ten o oficio máis raro do mundo: desde hai case trescentos anos traballa de Cobrelúas.

Cada noite, Celestino estende unha saba enorme sobre unha parte da Lúa para que non se vexa redonda de todo.

Deste xeito, a Lúa vai mudando de tamaño e notamos que pasa o tempo. É tan bonito ver como cada noite está distinta...!

Por suposto, cómpre ser moi habelencioso e moi forte para facer de Cobrelúas. É un traballo esgotador, porque o Cobrelúas só descansa nas noites de lúa chea.



Celestino acadou o título de Cobrelúas hai moitísimo tempo. Hoxe en día, é o único que o ten. Pero Celestino está moi canso e quere abandonar o seu traballo...

O pobre do home ben merece un descanso!

A bocanoite cae mainamente sobre a Terra. No picoto dunha montaña hai unha misteriosa e enorme casa: a Escola das Estrelas. Dentro da escola, o pequeno Nino dá chimpos de alegría. Acaba de aprobar o dificilísimo exame para ser Cobrelúas!

Os profesores están moi orgullosos de Nino.

—Agora es alguén moi importante —dinlle.

Éric PUYBARET (fragmento)



**5. Contesta:**

Que estende Celestino sobre a Lúa?

Que lle pasa a Celestino? Por que quere deixar de ser Cobrelúas?



Le e

# FLORES

Teño un xardín
cheíño de flores;
nel medran a eito
froitos e cores.

Teño un xeranio
na miña horta
que aínda que chova
nada lle importa.

Teño unha rosa
nunha roseira
que bota flores
na primavera.



C. LÓPEZ TABOADA

M. RICO VEREA

# REFRÁNS DE ANIMAIS



Cando anda o gato no tellado,
xeada no prado.

Polo Nadal, cada ovella
no seu curral.

Cando o moucho canta de
día, auga para o outro día.

Ave que se muda, en cada
sitio deixa unha pluma.

Pola boca morre o peixe.

Dos animais que aparecen nestes refráns:

- cales voan?;
- cal dá la?;
- a cal lle gusta o peixe?

Escolle un dos refráns e explica o seu significado.

# Escritura

**1** Completa o poema coas palabras que faltan:

Un porco teixo,
chamado ________,
chegou de Arteixo
ata Caión.
Cun pouco de ________
de andar non deixo
e dou chegado
a ________.

Yolanda Castaño

| |
|---|
| queixo |
| Corcubión |
| Breixo |

**2** Escribe en feminino as palabras subliñadas e copia:

Os nenos xogan coas bicicletas.

________________________________

O oso pesca salmóns.

________________________________

As galiñas peteiran o millo.

________________________________

3 Escribe o, a, os, as segundo corresponda:

| | | | |
|---|---|---|---|
| | osos | | pombas |
| | tigre | | leóns |
| | toupa | | crocodilo |
| | vaca | | galiñas |

4 Ordena as frases e escríbeas.

corvo croios. peteira O nos

clarinete. toca o Pedro

mercamos Na uns festa globos.

animais vixía os da Gregorio granxa.

## 1 Completa coa sílaba axeitada.



tre | ter

____nzas



fla | fal

____cón



fre | fer

____ver



dro | dor

ca____



gro | gor

ne____



tre | ter

____vo

## 2 Rodea os adxectivos nestas oracións:

A neve branca cobre os campos.

O sol brillante sae pola mañá.

Vimos unha obra de teatro divertida.

Luís ten algúns xoguetes rotos.

## 3 Escribe as maiúsculas e os puntos neste texto:

....s árbores da miña horta están verdes◯

.... a primavera sáenlle follas novas◯

.... o verán comeremos a froita◯

**8** **Nome e apelidos:**

**Data:** Lingua 1.° **AV**

1 Le e completa.

Un **grilo** e un **ogro** moi **gordo** atopáronse nunha cova. O ogro berrou: –Grrr, grrrr...! O grilo ergueu o **corpo** e contestou: –Cri, cri...! E non se asustou.

Un **crocodilo** e un sapo que estaba **cerca** atopáronse. O crocodilo berrou: –**Creo** que non sabes cantar! E o sapo sen se **achegar**, cantou: –Cro, cro ...!

| gr- | g-r | cr- | c-r |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

2 Cambia as palabras subliñadas e copia:

O <u>gato</u> está <u>enfadado</u>.

As <u>osas</u> son <u>peludas</u>.

1 Completa o poema coas palabras que faltan:

frecha voar berberecha

A toda mecha

a [ ]

máis pequerrecha

fuxiu do mar,

coa cuncha crecha

coma unha [ ]

ela quería

poder [ ].

Yolanda Castaño

2 Escribe o plural:

can [ ] pomba [ ]

papel [ ] escaravello [ ]

merlo [ ] xoaniña [ ]

**3** Completa as palabras con gr, gl, cr ou cl:

ti____e re____a can____exo
____obo i____ú bici____eta
____arinete ____ocodilo ____anxa

**4** Completa onde corresponda e escribe frases:

vaca cabalo león can boi
coello egua cadela coella leoa

| Masculino | Feminino |
| --- | --- |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

**14.** Le, rodea os x e contesta:

Xulio ten un taxi en Laxe e o seu irmán Xurxo ten unha xoiaría en Sanxenxo.



– Cantos **x** hai no texto? ............

**15.** Escribe os nomes. Todos levan x:





............ ............ ............

Caderno

- Le e escribe:

Xacobe e Maruxa xogan xuntos á buxaina no patio do colexio. Cando hai xeada gústalles moito debuxar paxaros nun xardín.



**20.** Une as palabras coas imaxes:

chupete | sapoconcho | rocha | chave






**21.** Escribe dúas oracións con estas palabras:

1 cachelos | 2 chourizo

1 ..................................................

2 ..................................................

Caderno

- Le e copia as seguintes oracións:

Melchor chapuzou nos charcos.

A chorima sae do toxo.

A escaleira ten cinco chanzos.



**25.** Fíxate nos nenos e nas nenas e indica o signo correcto:



**Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!** clic! clic!

Caderno

- Le e copia o diálogo:

—Laura, viches os meus anteollos?
Non os atopo en ningún sitio!
—Como? Se os levas postos!
—Oh! Que cabeza teño!



**30.** Une as cancións para botar a sortes:

| | |
|---|---|
| Unha, dúas, tres. | tres pitas e un capón. |
| Catro patas ten un gato: | unha, dúas, tres e catro. |
| Levita, levitón, | Paco, Perico e Andrés. |

Caderno

- Copia esta canción para botar a sortes:

Dedín, dedín,
dixo Roquín.
Cando o rei
pasou por aquí,
todas as aves convidou
menos unha que quedou.



- Por parellas, escribe unha canción para botar a sortes que coñezades e que non saíra nestas páxinas.

**6.** Repasa e escribe:

K K

k k

Katia é unha karateka moi boa.

**7.** Debuxa a Kora e Miki no zoo:

Caderno

- Copia as oracións e debuxa unha delas:

Os koalas dormen nas árbores.

A Fidel gústalle o karate e o kung fu.

Cantamos unhas cancións no karaoke.

**16.** Escribe o sinónimo onde corresponda:

rapaz · escola · rápido · económico

baratο → ______ veloz → ______

neno → ______ colexio → ______

## Escribimos debuxando

Debuxamos as palabras que coñecemos! Fíxate nos exemplos e fai os teus debuxos para expoñelos na clase.




**Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!** clic! clic!

Caderno

- Copia as oracións e substitúe a palabra destacada por un sinónimo:

  Martiño é máis calmado ca min.

  Gardei as cousas vellas na casa.



**19.** Le o trabalinguas. Sabes que quere dicir? Explícao:

Corchete que estás na corcheta,
desencorchetácheste xa?
O desencorchetador
que te desencorchete,
bo desencorchetador será.



Caderno

- Le e copia este trabalinguas:

Unha pérgara, párgara, pírgara;
se non fose pírgara, párgara, pérgara
non era pírgara, párgara, pérgara.

- Inventa un trabalinguas e recítao diante dos compañeiros e compañeiras da clase para que o aprendan.



**12.** Escribe os plurais destas palabras:



- unha gata → unhas
- un paxaro →
- un neno →
- unha mazá →
- un animal →

**Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!** clic! clic!

Caderno

- Copia e subliña os nomes masculinos cunha cor e os femininos con outra:

O labrego mercou unha ovella, unhas vacas e un cabalo.

A bruxa díxolle ao príncipe que o día seguinte o ía converter nunha raposa.



ATRÉVETE COAS TIC

Practica a escritura co teclado do teu ordenador ou tableta copiando unha parte da lectura:

– COBRELÚAS

**Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!** clic! clic!

Caderno

- Le o texto e cópiao:

Gregorio é granxeiro.
Na granxa ten un cabalo
negro e gris moi gracioso.
Preto da granxa hai
unha gruta moi grande.
Gregorio sabe que na
gruta non hai nin
ogros nin dragóns.



- Copia e contesta as preguntas seguintes:

Cantas xibas ten un dromedario?

Como é a lúa chea?

**15.** Le o refrán e debúxao:

Moito peixe rompe a rede.



Caderno

- Le e copia estes refráns. Sabes o que queren dicir? Explícaos:

Lúa a saír, marea a subir.

Setembro, ou seca as fontes
ou leva as pontes.



Quen calar non sabe, falar non debe.